

MARTA SANZ (Madrid, 1967)

Doutora en Filoloxía. Publicou novelas, ensaios e poesía.

Novelas:

- *El frío*
- *Lenguas muertas*
- *Los mejores tiempos* (Premio Ojo Crítico de RNE en 2001)
- *Susana y los viejos* (finalista del premio Nadal 2006)
- *La lección de anatomía*
- Triloxía do detective Arturo Zarco:
 - *Black, black, black*
 - *Un buen detective no se casa jamás*
 - *Pequeñas mujeres rojas*
- *Daniela Astor y la caja negra* (premios Tigre Juan, Cálamo-Otra mirada y Estado Crítico)
- *Amor fou*
- *Farándula* (premio Herralde, 2016)
- *Clavícula*.
- Participou con relatos en volumes colectivos e obtivo o premio Vargas Llosa-NH en su XI edición
- *Retablo* (relatos ilustrados por Fernando Vicente)

Poesía:

- *Perra mentirosa*
- *Hardcore*
- *Vintage* (Premio de la Crítica de Madrid)
- *Cíngulo y estrella*
- *La vida secreta de los gatos* (ilustrado por Ana Juan)

Ensaio:

- *No tan incendiario*
- *Éramos mujeres jóvenes*
- *Monstruas y centauros* (premio CEGAL 2018 ao mellor libro de no ficción)

É editora do *Libro de la mujer fatal* y Tsunami, volume colectivo de textos feministas.

Colabora con *El país*, a cadena SER y é docente na *Escuela de escritores* de Madrid.

- ***Parte de mí* (Anagrama) é o seu último libro.**

José Miguel Tomasena (Cidade de México, 1978)

Escritor xornalista e profesor universitario. Licenciado en Filosofía e Ciencias Sociais polo ITESO, máster en Escritura Creativa pola Escola Contemporánea de Humanidades (ECH) de Madrid, máster en Comunicación Social pola Universidade Pompeu Fabra (UPF) e doutor en Comunicación pola Universidade Pompeu Fabra cunha investigación etnográfica sobre as prácticas comunicativas dos BookTubers en lingua española.



Ten a súa propia canle de YouTube, BookTube Observatory: <https://goo.gl/vJGHtV>

Entre as súas áreas de interese académico inclúense a **alfabetización mediática, as prácticas de lectura e escritura en redes sociais, etnografía dixital, estudos culturais e a historia da lectura e da publicación.**

Obra:

- *El rastro de los cuerpos* (Grijalbo, 2019)
- *La caída de Cobra* (Tusquets, 2016)
- *¿Quién se acuerda del polvo de la casa de Hemingway?* (Premio Bellas Artes de Cuento San Luis Potosí en 2013)
- Co-guionista dos documentais *Retratos de una búsqueda* (2015) e *Dibujos contra las balas* (2019)

Actualmente traballa como asistente de investigación do proxecto D-Stories, profesor do Master de Escritura Creativa daBSM-UPF e asesor na area de escritura do proxecto ICCLE, do Plan Nacional de Lectura de Portugal.

www.jmtomasena.com

EVA MEJUTO (Sanxenxo, 1975)

Doutora en Xornalismo pola USC cun traballo sobre o realismo social no álbum ilustrado: *Álbum testemuño: chegar a realidade ás crianzas*.

Traballou na editora Kalandraha ata 2004, en OQO Editora ata 2016.

Desde 2017 coordina o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e forma parte do proxecto Capicúa de xestión cultural e proxectos.



A súa especialidade é a LIX. Ten realizado cursos de formación sobre libro-álbum e exercido a docencia no Mestrado Libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra durante dez anos.

Participa habitualmente en encontros co alumnado dos colexios.

É autora de diversas adaptacións de contos tradicionais a álbums ilustrados, traducidos a máis de dez idiomas. En 2017 publicou en Xerais a obra “*22 segundos*”, una obra para o lectorado adolescente que narra a historia dun mozo trans.

En 2019, na mesma editora, publicou en *Memoria do silencio*, unha novela que se desenvolve en Galiza na Segunda Guerra Mundial que foi finalista do Premio Jules Verne de Narrativa Xuvenil. No 2020 publicou o álbum “*Dez latinas viageiras*” (Xerais) álbum ilustrado por Víctor Rivas e gañou o Premio literario Matilde Bares pola Igualdade, organizado polo Concello de Bueu, e neste 2021 vén de recibir o Premio dos Clubs de Lectura das Bibliotecas Escolares de Galicia e Premio Follas Novas á Mellor iniciativa editorial coa obra “*A lavandeira de San Simón*”, da que ela é autora do texto que conta coas ilustracións de Bea Gregores, obra que inicia a colección de Xerais “*Pequena Memoria*”.

Héctor Carré (A Coruña, 1960)

Despois de abandonar os seus estudos de arquitectura trasládase a Madrid no ano 1981. Obtén o título de director de fotografía no Taller de Artes Imaginarias (TAI) e comeza traballar como axudante de dirección en diversas películas cos mellores directores españois, entre as que destacan P. Olea (El maestro de esgrima), M. Camus (La forja de un rebelde), J. Chávarri (Las cosas del querer, Yo soy el que tu buscas, El río de oro), Imanol Uribe (La luna negra) e tamén internacionais, como Terry Guillian (The adventures of the Baron of Munchausen) e Steven Spielberg (Indiana Jones and the last crusade).



Despois de escribir e dirixir dúas curtametraxes premiados en diversos festivais, escribe e dirixe Dáme Lume (1995), pola que foi nomeado como mellor director novel nos premios Goya, Dáme algo (1998) gañadora dos premios ao mellor director e mellor actor no festival Internacional de Porto 1998, a Promesa (2004) gañando varios premios pola interpretación da súa protagonista en festivais internacionais de Miami, e Bruxelas ademais de ser seleccionada noutra dúcia de festivais internacionais, Personal Movie, e Post truth times, un documental seleccionado en diversos festivais internacionais e distribuído en múltiples territorios pola distribuidora francesa Java Films.

- Desde o ano 2001 reside na Coruña onde tamén traballou en publicidade e como guionista para a Televisión (Libro de familia, Matalobos) e cine (O neno de Barro) traballo co que gaña o Premio Mestre Mateo ao mellor guión do audiovisual galego de 2005.
- No ano 2007 publica con edicións Xerais a novela “Diario do impostor”.
- No ano 2010 gaña o premio internacional de teatro “Agustín Gonzalez” ca obra “Las palabras grandes” seleccionada entre máis de cento cincuenta obras procedentes España, Argentina, Méjico, Uruguay, Colombia e Chile. No 2010 tamén participa como poñente no congreso galeusca onde reflexiona sobre a relación entre literatura e cine.
- No ano 2011 gañou o premio Xerais de Literatura xuvenil coa novela titulada Febre, publicada pola mesma editorial.
- No ano 2013 estreou a seu cuarto longametraxe Personal Movie, seleccionado polos festivais de Cans, e Ourense.
- No ano 2015 publica con edicións Xerais a novela: “Hai que matalos a todos”.
- No ano 2018 estrea a longametraxe documental Post truth times.
- No ano 2021 publica con edicións Xerais o libro de relatos “Medos”.

XABIER QUIROGA (Escairón, 1961)

Licenciado en Filoloxía galego-portuguesa e filoloxía hispánica pola USC.

OBRA:

«*Atuado na braña*» (Xerais, 2002): Premio Losada Diéguez, Finalista do Premio Arcebispo San Clemente e do Premio Novela Europea Casino de Santiago.

«*Era por setembro*» (Xerais, 2004). Traducida ao castelán.


«*Se buscabas un deus*» (Xerais, 2006).

«*O Cabo do Mundo*» (Xerais, 2009): Premio da Crítica. Publicada en castelán por Penguin Random House.

«*Zapatillas rotas*» (Xerais, 2014): Premio da Crítica.

«*Izan o da saca*» (Xerais, 2015): Premio Arcebispo San Clemente. Publicada en castelán por Penguin Random House como «*La casa del nazi*».

A última novela, «*O baile dos estorniños*» (Xerais, xuño 2021), culmina a súa Triloxía da Ribeira Sacra (con «*O Cabo do Mundo*» e «*Izan o da saca*»).



MANUEL GAGO (Palmeira, Ribeira, 1976)

Doutor en CC. da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade, é director de culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor asociado na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. É editor de Capítulo Cero (www.manuelgago.org/blog), un dos blogs referentes da rede galega, no ámbito da divulgación histórica, científica, en estilos de vida, gastronomía e cultura, e por el ten recibido premios e mencións de diferentes colectivos profesionais galegos. Colaborador habitual da Radio Galega, onde o seu último espazo son as *Efeméridas*, no Galicia por Diante. Mantén as columnas Vermello contra o mar en *La Voz de Galicia*, e Seisentidos, na Táboa Redonda, o suplemento cultural de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*.



No ámbito da difusión e investigación no ámbito arqueolóxico, Gago ten participado en proxectos como a escavación do poboado da Lanzada (2010) e ten promovido e coordinado iniciativas de arqueoloxía e comunicación pública nos sitios arqueolóxicos de Pena Furada (Coirós), Torre dos Mouros (Lira, Carnota, 2012), Castro de Mallou (Carnota, 2013), Croas de Niñóns (Ponteceso, 2013) ou As Croas de Cerqueda (Malpica, 2014, en curso). É fundador de patrimoniogalego.net, a rede social do patrimonio cultural de Galicia e membro do colectivo romanarmy.eu, de investigación da presenza do exército romano no NW peninsular. Como comisario de exposicións, Gago foi responsable en 2010 da exposición *Ao pé do Lar*, promovida para o Fórum Gastronómico en Santiago e con sede no Museo do Pobo Galego. En 2016-17 comisariou *Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura*, producida polo Consello da Cultura Galega en colaboración con Afundación e exposta en Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. En 2018 comisariou a exposición *Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia*, producida polo Consello da Cultura Galega e inaugurada na igrexa de San Domingos de Bonaval. En 2019 comisariou a exposición *Galicia, un relato no mundo* no Museo Gaiás da Cidade da Cultura, a primeira das tres grandes exposicións do Xacobeo'21.

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado libros con éxito de público. Nos últimos anos, é coautor do libro *Rías Baixas, Gourmet Territory* (2011). En 2012 publicou, canda o arqueólogo Xurxo Ayán, o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora). No 2013 editou o libro de narrativa "*Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia*" (Ed. Xerais). E en 2015 *Platos Rotos. Textos Gastronómicos (2003-2015)*, unha antoloxía da produción xornalística de Gago ao redor da relación entre viño, comida e sociedade. En 2016 foi un dos autores do libro colectivo *Historia das Historias de Galicia* (Xerais, 2016) e publicou a súa primeira novela: *O Anxo Negro* (Xerais, 2016), traducido ao castelán en 2018 como *Ángel negro* (Lince editora). En 2018 publicou tamén a súa segunda novela, *O exército de fume* (Xerais). En 2020, o libro de autoficción *O sangue das pantasmas* (Librería Couceiro e Festival Atlántica) e, en 2021, a novela *Nus* (Xerais).

MIGUELANXO PRADO (A Coruña, 1958)

Miguelanxo Prado, autor de *Trazo de xiz*, unha das obras máis premiadas da banda deseñada contemporánea, desenvolve o seu traballo creativo como pintor, ilustrador, guionista, ilustrador de prensa, animador e, moi principalmente, autor de banda deseñada.

Entre os seus libros cabe sinalar outros títulos como *Quotidianía delirante*, *Ardalén* (Premio Nacional, premio da Crítica Especializada, premio mellor libro do ano do Salón do Cómic de Barcelona, premio do festival de Úbeda e Baeza, Expocómic Madrid, ou Zona Cómic, entre outros), *Presas Fáviles* (premio do festival de Amadora, premios *Diario de Avisos* ao mellor guión e ao mellor debuxo realista, e premio *Mor Vran*) ou *O Pacto do Letargo*, e ten recibido en dúas ocasións o premio á mellor obra estranxeira no F.I.B.D. De Angoulême, e en seis ocasións foi premiado no Salón do cómic de Barcelona. Ten colaborado como ilustrador con escritores como Laura Esquivel (*A Lei do Amor*), Gonzalo Torrente Ballester (*El cuento de Sirena*), Xosé Luís Méndez Ferrín (*Retorno a Tagen Ata*), Juan Farias (*Anacos de pan de millo*), Agustín Fernández Paz (*As flores radiactivas*, *Rapazas*, *Cos pés no aire*, *Fantasmas de luz*), Ramón Caride (a colección de novelas de *Said e Sheila*) ou Manuel Rivas (*Bala Perdida*, *Contos de Nadal*, *A lingua das bolboretas*).

No eido audiovisual, entre outros traballos, é o creador do *Xabarín*, a súa contorna gráfica e a serie *Os Vixilantes do Camiño*, para a TVG, creador de personaxes e director de estilo da serie de debuxo animados *Men in Black*, e creador e director da longametraxe de animación *De profundis*, en colaboración co músico Nani García.

